

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de maio de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para remodelación de novo modelo residencial de maiores, modificación de espazos interiores e reforma exterior da envolvente térmica na residencia de maiores a Milagrosa en Curros Enríquez, s/n (exp. 2024/Y001/000113); para construír un edificio para 18 vivendas, garaxes e rochos, fase ii, na avenida das Américas - avenida Marqués de Ombreiro (exp. 2024/Y001/000146) e para rehabilitación de edificio para 5 vivendas e local en planta baixa sen uso definido, na ronda da Muralla, número 60 (exp. 2023/Y001/000061).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do servizo de reprografía do Arquivo Municipal e a aprobación do prego de condicións técnicas e apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C003-000020.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de acondicionamento de aparcadoiro público en Rof Carballo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C002-000003.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6742127746001791612.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-5-2025

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C003/000021.

Acórdase a desistencia do procedemento na contratación das obras de rexeneracion do firme na rúa da Agricultura, exp. ref. 2025/C002/000002.

Tamén se acorda a delegación de competencias no tenente de alcalde delegado da área de xestión integral de recursos internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos para a contratación dunha operación de préstamo, con previa apertura de crédito por importe de 8.860.000,00 euros.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

3. EDUCACIÓN.- Acórdase a validación do Decreto da Alcaldía núm. 929/2025 relativo á concesión dos premios 30º certame Trapero Pardo, autorización e disposición do gasto, recoñecemento e liquidación da obriga e ordenación de pagos.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Axencia de Turismo de Galicia e a Entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., para a celebración da XXIV edición Arde Lucas.

- Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “actividades culturais 2025”. No Concello de Lugo, ano 2025”.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.